# Ocupación de vía pública

**Descrición**

**Consiste na obtención do permiso municipal para a ocupación da vía pública con valos, estadas, colectores, mesas e cadeiras.**

**Documentación necesaria**

**A documentación que hai que achegar é a seguinte:**

En todos os casos:

- Solicitude

- Fotocopia do documento de identidade do solicitante. No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou copia de poder para representalo.

- Plano de situación da cartografía municipal

- Deseño acoutado da superficie a ocupar,a escala 1:50, con indicación dos metros cadrados ocupados.

- Período de ocupación

- Xustificación da necesidade de ocupación e copia da licenza de obras.

**Para instalar mesas e cadeiras**

- Xustificante de ter obtido previamente a licenza para a actividade

- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do modelo de mobiliario que se pretende instalar.

- Plano de situación con escala 1:1000 acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación

**- Normas:**

- As mesas colocaranse como norma xeral fronte á fachada do establecemento ou pegadas ó bordo e separadas deste 50 cm. Nembargantes poderá autorizarse a instalación: pé da fachada cando o solicite o interesado e existan razóns especiais que o aconsellen (modificacións no tráfico de peóns ou outras).

- Para as mesas que se teñan que colocar nun xardín público ou zona axardinada, solicitarase previamente informe do servizo correspondente.

- A colocación de mesas en zona peonil requirirá, en cada caso concreto, un estudo especial atendendo á anchura e demais características da rúa.

- O Concello, vistos os informes técnicos, e de ser o caso, a correspondente convocatoria, poderá seleccionar ou homologar os modelos que serán preceptivos no casco histórico e nas zonas que se determinen do municipio.

- A autorización non se concederá por mesas, senón por unidades de superficie, fixándose un máximo de mesas.

- Estas unidades agruparanse en módulos de 2x2 correspondendo a unha mesa e catro cadeiras.

**O cidadán debe saber**

A solicitude debe presentarse en modelo normalizado.

**Solicítase e preséntase**

**Oficinas municipais: Rexistro Xeral**
Rúa Oriente, nº 11 – 1ª Planta
36880 A CAÑIZA (Pontevedra)

| | |
|---|---|
| **Normativa relacionada** | - Circulación e uso da vía pública (ordenanza xeral reguladora) |
| **Formularios. Cómpre imprimilos e cubrilos por duplicado.** | - Modelo de solicitude de ocupación de vía pública *( ver modelo en sección de trámites)* |